



Queridas **familias** do CEIP O Resio,

## **Estades dispostas a disfrutar nas diferentes actividades que vamos organizar neste curso na ANPA?**

**Animámosvos!!!** Aquí presentamos qué nos espera:

Despois destes anos tan difíciles, voltamos con todas as ganas de facer eventos onde todos e todas podamos **encontrarnos** e **disfrutar** cas nosas fillas e fillos no ambiente da Escola.

Para elo é preciso que todas as familias sexamos socias da ANPA para poder desenvolver actividades como:

**Aula matinal**, xestionando día a día este servizo tan necesario para conciliar **Actividades extraescolares** que garantan a conciliación e o encontro dos nenos e nenas

**Obradoiros** ou **ludoteca**

**Festas** de nadal, ca tradicional chocolatada, festa do entroido, Samaín, festa de fin de curso e moitas máis

**Relación Familia-Escola**: dúbidas, propostas ou suxerencias que querades trasladar ao Cole a través da ANPA

Solicitar axudas e **subvencións** para actividades para os nosos fillos e fillas (lembraredes as chulísimas actividades sobre igualdade que se organizaron nestes anos pasados, por exemplo)

Sen ANPA, non habería ningunha destas actividades. E a ANPA somos todas as familias do Cole que se animen a formar parte desta necesaria e familiar comunidade.

Adxuntamos as actividades extraescolares previstas para este ano, por favor, tede en conta que é unha previsión suxeita a modificacións no horario unha vez confirmado o número de crianzas mínimo cas empresas que ofertan as actividades.

O día 16 de Setembro teremos unha Asamblea da ANPA os Irmandiños onde esperamos presentarnos a todas as familias para que nos identifiqueades facilmente. Ademais para coñecer o plan de acción da ANPA e, sobre todo, para **escoitar** as vosas SUXERENCIAS e PROPOSTAS.

A aula matinal xa estará funcionando dende o día 8 de Setembro

Para as familias novas que chegan ao centro, precisaríamos os vosos datos para incluírlos no listado de comunicacións da ANPA.

Para máis información, consultade o blogue da ANPA e tamén podedes enviarnos un correo a [anpaosirmandinhos@gmail.com](mailto:anpaosirmandinhos@gmail.com) ou ben a través do whatsapp da ANPA 604026358

Unha aberta e feliz comezo de curso!!!!

**Xunta Directiva ANPA OS IRMANDIÑOS**